



En decembro o escritor e poeta cangués presentou o seu último poemario 'Sen sombra e sen amor'

A obra é dos cangueses Rafael Lorenzo e Héitor Mera

Edicións Xerais reúne nun libro as vivencias de Bernardino Graña

M.R. • Cangas

Os cangueses Rafael Lorenzo e Héitor Mera veñen de presentar recentemente na Feira do Libro de Vigo un libro sobre as experiencias de Bernardino Graña. Na presentación estiveron acompañados polo escritor Fran Alonso e o profesor universitario Henrique Costas.

Recén saído do prelo baixo o título de 'Conversas con Bernardino Graña', editado por Edicións Xerais e prologado polo escritor e profesor da Universidade de Vigo Gonzalo Navaza, Mera e Lorenzo recollen en anécdotas e vivencias do escritor cangués.

Bernardino Graña é un home que acolle con gusto a

posta en común de vivencias persoais e colectivas. Un claro exemplo da súa facilidade para a conversa foi a súa participación fai uns meses na homenaxe do Morrazo ao poeta lucense Manuel María, na que visiblemente emocionado fixo un percorrido pola literatura galega durante o franquismo e a situación actual.

Non faltaron no seu parlamento as anécdotas compartidas con todo o público.

Neste libro os autores amosan o lado máis humano dun Bernardino Graña renacido das cinzas da enfermidade, que volve a vista atrás para deixar escrito no papel a súa visión persoal e particular do mundo.

Deste xeito o libro de con-

versas toca a política e a literatura, aproveitando as experiencias do poeta e narrador cangués Bernardino Graña para ofrecerlle aos lectores unha contextualización sobre o tempo e as circunstancias que lle tocaron vivir.

Recollense numerosas anécdotas e historias que o escritor cangués viviu desde a infancia e mocidade ata a súa madurez literaria e vital.

Tamén se salientan a súa vida universitaria e o seu labor como escritor e a súa faceta como articulista.

Sen dúbida os lectores e amigos de Bernardino Graña poderán achegarse aos aspectos máis descoñecidos da súa personalidade mediante esta pequena fiestra de papel.